



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

NORMATIVA DOS CAMPAMENTOS CONCILIA VERÁN ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2024

Artigo 1. SOLICITUDE E PRAZO

A solicitude de preinscrición farase a través do formulario electrónico habilitado, presentando o formulario de solicitude a través do rexistro na sede electrónica municipal (sede.muros.gal) ou nos rexistros de calquera administración pública adherida á plataforma de intercambio rexistral (SIR).

1.1. O prazo de solicitude de inscrición establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de preinscrición: das 8.30 h do 15 de maio ata as 14.00 h do 26 de maio.
- Horario de presentación das solicitudes de xeito presencial no rexistro municipal: de 9.00 h a 14.00 h de luns a venres.
- Sorteio público: o 6 de xuño ás 10.00 h (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).

1.2. Tipos de solicitude:

- Poderá presentarse unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.

Como cubrir a solicitude:

- Cada solicitante cubrirá unha solicitude e elixirá o máximo de unha (1) quenda.
- A persoa solicitante será a nai, pai, titor ou titora legal.
- A/as persoa/s participantes serán o/a os/as neno/a nenos/as.
- No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación que serán os/as participantes.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do seguinte formulario dispoñible na seguinte ligazón:

<https://forms.gle/HoDotUafE8MtVN5A8>

Artigo 2. PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS

A efectos de información e posibles reclamacións procederase as seguintes publicacións:

- Lista provisional de admitidos/as: publicarase o 7 de xuño na páxina web municipal e na sede electrónica municipal.
O prazo para presentar alegacións será de 2 días hábiles dende a publicación.
- Lista definitiva de admitidos/as: publicarase o 13 de xuño.

Artigo 3. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación das prazas pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- Se o número de prazas solicitadas supera ás ofertadas, a adxudicación realizarase mediante sorteo público no que se seguirán as premisas de prioridade expostas nestas bases.
- Mediante este sorteo tamén será dar lugar a unha lista de agarda.
- Deberase aceptar a praza e presentar a documentación requirida (artigo 5.2.) nun prazo máximo de 2 días naturais desde a publicación da lista definitiva coas persoas admitidas, de non ser así será excluído/a.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- As vacantes que se produzan serán ofertadas aos solicitantes seguindo a orde da lista de agarda. Realizaranse tres chamadas entre as 9.00 h e 14.00 h aos números que se facilitaron na solicitude de praza. De non ter resposta do/a interesado/a nun prazo de 24 horas, este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte da lista.

3.2. Establécense as seguintes prioridades:

- 1ª prioridade:

Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Muros, con data de empadramento anterior á aprobación destas bases. No caso de que non se completaran as prazas, estas poderán ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros.

- 2ª prioridade:

Terán prioridades os nenos e as nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá ou no caso de familias monoparentais ou monomarentais que a persoa proxenitora teña vixente unha relación laboral en horario de mañá.

3.3. No caso de que aparezan solicitudes presentadas por diferentes solicitantes, pero na que parte ou todas as persoas participantes sexan as mesmas, serán anuladas automaticamente.

Artigo 4. IDADES, QUENDAS E HORARIOS

4.1. Idades

- Nenas/os nadas/os nos anos 2020, 2019, 2018, 2017, 2016, 2015, 2014, 2013, 2012 e 2011

4.2. Número de prazas por quenda: 30

4.3. As quendas establécense do seguinte xeito:

- Xullo no CEIP Ramón de Artaza y Malvárez



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Xullo no CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío
- Agosto no CEIP Ramón de Artaza y Malvárez
- Agosto no CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío

A persoa participante só poderá participar nunha quenda.

4.4. Horario:

- Entrada: de 9.00 h a 9.15 h
- Saída: de 13.45 h a 14.00 h

De luns a venres na quenda que corresponda, os días festivos non terá lugar a actividade.

4.5. Lugares:

- Serres: CEIP Ramón de Artaza y Malvárez
- Esteiro: CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío

Artigo 5. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

5.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes.

5.2. Documentación:

- Será requirida, unha vez sexa concedida a praza, a seguinte documentación:
 - Libro de familia e DNI do pai, da nai ou do titor
 - Tarxeta sanitaria
 - Vida laboral de ambos proxenitores, ou do/a proxenitor/, no caso de familias monomarentais/monoparentais
 - No caso de persoas con discapacidade deberán presentar un certificado acreditativo do grao de discapacidade



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse electronicamente.
- No caso de non presentala no prazo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, será excluída

5.3. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

Artigo 6. OBRIGACIÓNS

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Respectar os horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable.
- Respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e sanitarias.
- No caso de incomparecencia ou de non acudir á actividade de forma habitual sen xustificación, a persoa beneficiaria poderá ser penalizada nas próximas actividades de características similares (campamentos de Nadal, Semana Santa...).

Artigo 7. EQUIPO RECOMENDADO

- Equipamento deportivo: gorra, suadoiro, camiseta deportiva, pantalóns curtos, zapatillas cómodas, traxe de baño...
- Toalla
- Crema para o sol, factor de protección alto
- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Artigo 8. INFORMACIÓN

Calquera circunstancia non recollida nesta normativa será estudada e comunicada polo Concello de Muros.

Para recibir máis información as persoas interesadas poden dirixirse a:

- No departamento de servizos sociais do Concello de Muros: 981 762 411
- Oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294.

Na páxina web www.muros.gal

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" e no art.6.1 e) do RXP: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: CONCELLO DE MUROS en Curro da Praza, 1, 15250 Muros (A Coruña) ou remitindo un correo a dpd@muros.gal. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@muros.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://muros.gal/politica-de-privacidade/>

Muros, 14 de maio de 2024

A alcaldesa,

María Lago Lestón